

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

21181 *REAL DECRETO 1134/2002, do 31 de outubro, sobre aplicación de sancións en materia de pesca marítima a españois enrolados en buques con abandeiramento de conveniencia.* («BOE» 262, do 1-11-2002.)

A pesca ilegal supón unha grave ameaza contra a explotación sostible das especies mariñas, réstalles efectividade ás medidas de conservación e ordenación adoptadas polas organizacións rexionais de ordenación pesqueira, e supón, ademais, unha competencia desleal en prexuízo do sector pesqueiro, que está obrigado a un rigoroso cumprimento das normas nacionais e internacionais de control, conservación e xestión.

Diversos organismos intergubernamentais, como a Organización de Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO), e as organizacións rexionais de ordenación pesqueira, como a Organización de Pesca do Atlántico Noroccidental (OPANO), a Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico (CICAA), a Comisión de Pesca do Atlántico Nordés (CPANE) e a Comisión para a Conservación dos Recursos Vivos Mariños Antárticos (CCRVMA), dos que España ou a Comunidade Europea é parte contratante ou cooperante, interesáronse polo fenómeno da pesca ilegal, non declarada e non regulada, e desenvolveron códigos de conducta, plans de acción internacional e medidas de conservación e ordenación para combater estas actividades.

É crecente o número de actividades ilícitas das que son responsables buques de pesca abandeirados en países ou territorios con rexistros abertos, tamén coñecidos co nome de «buques baixo bandeira de conveniencia», que contraveñen o dereito internacional e en particular a Convención de Nacións Unidas sobre Dereito do Mar de 1982 e os convenios que constitúen as organizacións rexionais de ordenación pesqueira.

España está profundamente interesada en preservar as poboacións de peixes mediante unha explotación sostible e en reducir as capturas incidentais doutras especies, polo que se propón incrementar as medidas para desalentar e eliminar as actividades pesqueiras ilegais realizadas por buques de países terceiros en augas baixo a xurisdicción dun Estado sen o permiso deste ou contravindo as súas leis, así como as realizadas contravindo as medidas de conservación e xestión adoptadas por unha organización rexional de ordenación pesqueira competente.

Esta preocupación española fronte á actividade de pesca ilegal cometida por buques de pesca baixo bandeira de conveniencia, cando corresponden a pavillóns de estados non cooperantes na conservación dos recursos pesqueiros, xa está presente noutros antecedentes normativos como o Real decreto 798/1995, do 19 de maio, polo que se definen os criterios e condicións das

intervencións con finalidade estrutural no sector da pesca, da acuicultura e da comercialización, a transformación e a promoción dos seus produtos, que exclúe da posibilidade de beneficiarse da redución da achega de baixas nun 50 por 100 que se establece para os atuneiros conxeladores e palangreiros de superficie que se destinen á exportación para pescar nos océanos Índico e Pacífico, os exportados a aqueles países e territorios a que se refire o Real decreto 1080/1991, do 5 de xullo, polo que se determinan os países ou territorios a que se refiren os artigos 2, punto 3.4, da Lei 17/1991, do 27 de maio, de medidas fiscais urxentes, e 62 da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1991, ós que se lles atribúe un determinado carácter impositivo sobre beneficios fiscais, exceptuando a República de Seychelles.

Pola súa vez, o Real decreto 601/1999, do 16 de abril, polo que se regula o Rexistro Oficial de Empresas Pesqueiras en Países Terceiros, establece a prohibición de inscrición nel das empresas pesqueiras radicadas nun estado que non coopere na conservación dos recursos pesqueiros, directamente ou a través dos organismos rexionais de pesca competentes e que, mediante a súa actitude, estean prexudicando a eficacia das medidas internacionais de conservación e xestión aprobadas polas ditas organizacións, con igual prohibición respecto dos buques que enarboren pavillón do dito estado.

Pola súa banda, o Real decreto 1797/1999, do 26 de novembro, sobre o control das operacións de pesca de buques de países terceiros en augas baixo soberanía ou xurisdicción española, establece o control das operacións de pesca de buques de países terceiros en augas baixo soberanía ou xurisdicción española, para efectos da verificación do cumprimento das recomendacións da Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico (CICAA), así como das demais medidas de protección e xestión dos recursos pesqueiros adoptadas polas organizacións rexionais de ordenación pesqueira.

Máis recentemente, nesta mesma liña de actuación, a Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, establece no título V o réxime de infraccións e sancións en materia de pesca marítima, tipificando nos seus artigos 95.d) e 97.f) as infraccións por incumprimento ou violación das obrigacións establecidas en virtude de convenios, acordos ou tratados internacionais en materia de pesca.

Pola súa vez, os artigos 96.1.v) e 97.i) tipifican, con agravamento, as ditas infraccións cando son cometidas por españois no exercicio das súas atribucións de mando en buques con pavillón de países cualificados regulamentariamente como de abandeiramento de conveniencia.

Sen embargo, cando a infracción é cometida por un español a bordo dun buque dun país terceiro, a Convención de Nacións Unidas sobre Dereito do Mar de 1982, ratificada por España mediante Instrumento do 20 de decembro de 1996, e, por tanto, parte integrante do ordenamento interno español desde a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», establece no seu artigo 92 que os buques deberán navegar baixo o pavillón dun

só Estado e, salvo nos casos excepcionais previstos de modo expreso nos tratados internacionais ou na propia convención, estarán sometidos en mar aberto á xurisdicción exclusiva do dito Estado.

Así mesmo, a convención dispón nos seus artigos 94 e 116 a 119 que todo Estado ten o deber de exercer de maneira efectiva a súa xurisdicción e control en cuestións administrativas, técnicas, sociais e pesqueiras sobre os buques que enarboren o seu pavillón.

Do disposto nos artigos sinalados da convención despréndese que o Estado que concede o seu pavillón a un buque asume a responsabilidade internacional de exercer eficazmente a súa xurisdicción e control sobre tales buques, e que, en virtude da dita responsabilidade, debe facer cumprilas obrigacións que se derivan desta convención e doutros instrumentos de dereito internacional, especialmente dos convenios constitutivos de organizacións rexionais de ordenación pesqueira.

Por tanto, faise necesario, por unha parte, abordar o problema daqueles estados que non cumpren coas súas responsabilidades como estados de bandeira e actuar en tal caso fronte ás persoas físicas ou xurídicas suxeitas ó ordenamento xurídico español, responsables da comisión de actos ilícitos en materia pesqueira a bordo de buques de países terceiros, especialmente cando supoñan a violación de obrigacións derivadas dos convenios, acordos ou tratados internacionais, e, por outra parte, establecer un mecanismo para garanti-lo principio «non bis in idem», establecendo un prazo suficiente antes de aplica-lo réxime sancionador interno de forma que se poida garantir previamente o exercicio da xurisdicción inherente ó estado do pavillón.

Por outra parte, co obxecto de aplica-las agravantes polos ditos incumprimentos polos españois que exerzan as súas atribucións de mando en buques abandeirados en países e territorios de bandeira de conveniencia, é necesario determinar cándo estes países ou territorios serán cualificados como de abandeiramento de conveniencia.

Como medida adicional, para desalentar e elimina-las actividades de pesca ilegal levadas a cabo por buques de países terceiros, faise necesario establecer garantías para impedi-la importación de produtos pesqueiros, con ocasión do seu desembarque ou descarga, procedentes daqueles buques que fosen identificados como responsables de levar a cabo actividades de pesca ilegal, non declarada e non regulada polas organizacións rexionais de ordenación pesqueira.

En consecuencia, este real decreto vén dar cumprimento ós fins expostos e a garanti-lo cumprimento das recomendacións dictadas pola FAO no seu Plan de acción internacional para previr, desalentar e elimina-la pesca ilegal, non declarada e non regulada, aprobado o 23 de xuño de 2001.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e o sector pesqueiro afectado.

Este real decreto dítase en virtude da facultade conferida ó Goberno pola disposición derradeira segunda da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Na súa virtude, logo da aprobación do ministro de Administracións Públicas, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de outubro de 2002,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto o desenvolvemento do procedemento para a aplicación do réxime de infrac-

cións e sancións en materia de pesca marítima en augas exteriores regulado no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, ás persoas físicas e xurídicas con nacionalidade española, vinculadas xuridicamente a buques de países terceiros que incumpran as obrigacións derivadas das medidas de conservación e xestión establecidas no dereito internacional, cando o Estado de bandeira destes buques non exerza a potestade sancionadora inherente á súa xurisdicción.

Artigo 2. *Responsabilidade por incumprimento do dereito internacional.*

1. O incumprimento das obrigacións en materia de pesca marítima e, en particular, das establecidas na Convención de Nacións Unidas sobre Dereito do Mar de 1982, ou das medidas de conservación e xestión adoptadas polas organizacións rexionais de ordenación pesqueira das que a Unión Europea ou España sexa parte contratante ou cooperante, por calquera persoa física ou xurídica con nacionalidade española, vinculada xuridicamente a un buque dun país terceiro, será sancionado de conformidade co establecido no réxime de infraccións e sancións regulado no título V da Lei 3/2001, cando o Estado de bandeira non exercese a potestade sancionadora inherente á súa xurisdicción sobre as ditas conductas.

2. Entenderase que o Estado de bandeira non exerce a súa competencia sancionadora cando transcorridos tres meses desde que lle foi notificada a infracción por conducto oficial, fidedignamente probada, ou ben non respondese ou ben non levase a cabo as actuacións necesarias para sancionar.

Artigo 3. *Cualificación de países e territorios de abandeiramento de conveniencia.*

1. Os países e territorios ós que se lles atribúe a cualificación de abandeiramento de conveniencia serán os cualificados polas organizacións rexionais de ordenación pesqueira (ORP) como non cooperantes na súa área de regulación, de acordo cos criterios establecidos polas ditas organizacións.

2. Os buques apátridas ou sen nacionalidade terán, en todo caso, a consideración de buques con abandeiramento de conveniencia.

Artigo 4. *Obrigacións dos titulados españois.*

Os titulados españois que decidan exerce-las súas atribucións de mando en buques dun país terceiro deberán comunicarlle á Secretaría Xeral de Pesca Marítima do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do seu enrolamento, o nome do último buque de pavillón español no que estiveron enrolados, os datos da súa tarxeta acreditativa e o nome, matrícula e abandeiramento do buque de destino. No suposto de que este buque cambie de pavillón, ou o titulado pase a exerce-las súas atribucións noutro barco, deberá, así mesmo, comunicalos novos datos.

Artigo 5. *Capturas procedentes de buques identificados por incorrer en actividades de pesca ilegal ou contrarias ás medidas de conservación e xestión.*

Sen prexuízo do disposto no Real decreto 1797/1999, do 26 de novembro, sobre o control das operacións de pesca de buques de países terceiros en

augas baixo soberanía ou xurisdicción española, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación non autorizará o desembarque nin o transbordo das capturas procedentes de buques identificados polas organizacións rexionais de ordenación pesqueira por levar a cabo actividades de pesca ilegal, ou contrarias ás medidas de conservación e xestión na súa área de regulación.

Así mesmo, queda prohibida a importación no territorio nacional de capturas procedentes dos buques a que se refire o parágrafo anterior por calquera medio de transporte.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial e facultade de desenvolvemento.*

Este real decreto dítase ó abeiro da habilitación contida no artigo 149.1.19.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de pesca marítima en augas exteriores.

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito das súas competencias, para dicta-las normas e adopta-las medidas precisas para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto e, en particular, para adapta-la cualificación de países e territorios de abandeiramento de conveniencia á normativa internacional.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de outubro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

21182 *REAL DECRETO 1098/2002, do 25 de outubro, polo que se regula a alimentación de aves de rapina necrófagas con determinados animais mortos e os seus produtos.* («BOE» 262, do 1-11-2002.)

A Directiva 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres, e a Lei 4/1989, do 27 de marzo, dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, impoñen o deber de garantir a conservación e preservación das especies da flora e fauna silvestres, con especial atención ás autóctonas.

Dentro deste marco, débese ter en conta que a alimentación tradicional das aves de rapina necrófagas está constituída en España, principalmente, por cadáveres de animais das especies bovina, ovina e caprina. De acordo cos datos científicos dispoñibles nestes momentos, non existe risco de transmisión do axente causante das encefalopatías esponxiformes transmisibles a estas aves de rapina nin, por suposto, destas ás persoas, dado que non teñen entrada en ningún momento na cadea alimenticia.

Non obstante, na falta de normativa expresa sobre esta materia, precísase establece-los supostos en que se poderán utiliza-los cadáveres de animais e, en especial, os das especies bovina, ovina e caprina para a alimentación de aves de rapina necrófagas, así como os

requisitos necesarios para a autorización da dita alimentación.

Téntase con esta regulación garanti-la conservación destas especies de aves, en desenvolvemento do artigo 26.1 da Lei 4/1989, e procurar que o transporte dos animais mortos empregados na súa alimentación non supoña un risco para a saúde animal, humana ou para o ambiente.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, da ministra de Sanidade e Consumo e do ministro de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de outubro de 2002,

DISPÕÑO :

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establece-las normas básicas relativas ós supostos e condicións en que se permitirá a utilización de cadáveres de animais para a alimentación de aves rapaces necrófagas nas zonas de alimentación.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

- Autoridade competente: os órganos competentes das comunidades autónomas.
- Lugar de procedencia: a explotación ou empresa gandeira desde onde parten os animais mortos.
- Zona de alimentación: o lugar acondicionado expresamente para a alimentación de aves de rapina necrófagas.

Artigo 3. *Autorización.*

1. A autoridade competente poderá autoriza-la alimentación de aves de rapina necrófagas con cadáveres de animais, cando o órgano ambiental da comunidade autónoma comprobase que as necesidades alimenticias da poboación de aves de rapina necrófagas dunha determinada zona non están cubertas, xa sexa como consecuencia da execución das actuacións en materia de prevención, loita, control ou erradicación das enfermidades dos animais, xa sexa por calquera outra causa.

2. Nas autorizacións determinarase a cantidade de cadáveres precisos para restablece-la situación nutritiva das aves rapaces necrófagas da zona a que se refiran.

3. A autorización implicará, así mesmo, a autorización do transporte dos cadáveres de animais desde o lugar de procedencia á zona de alimentación.

4. As autorizacións previstas neste artigo extinguiránse cando desapareza o suposto que xustificou a súa concesión.

Artigo 4. *Solicitud e rexistro de autorizacións.*

1. As solicitudes de autorización deberán ser presentadas polo propietario ou responsable dos animais mortos perante a autoridade competente no territorio da cal estea situado o lugar de procedencia dos animais e a zona de alimentación, e nelas faranse constar polo menos os seguintes datos:

- Número de animais mortos para os que se solicita a autorización.